

Ó SEÑOR PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

ALBERTO NÚÑEZ FEIJOO

A Asociación Galega de Apicultura -AGA-, ponse en contacto novamente coa Xunta de Galicia a través do seu Presidente, **para trasladar a información relativa a invasión da *Vespa velutina nigrithorax*** e a afectación que esta a ter nas nosas abellas e na nosa saúde. Deste xeito, o sector pretende expoñer e propoñer á Xunta, como organismo competente na xestión desta invasión, algúns puntos ou ferramentas a utilizar na campaña próxima de 2018 para facer fronte ó tártago asiático.

Os coñecementos técnicos de campo províntes das nosas socias e socios, o contacto permanente coas restantes asociacións apícolas (de dentro e fora de Galicia) a información recopilada da rama investigadora e incluso a lexislación ao efecto permiten dotar dunha base técnica e fiable as peticións que agora poñemos sobre a mesa.

Coa esperanza de que non quede en saco roto **facemos un chamamento ó Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, para que escoite as nosas demandas** e inste así mesmo á Xunta a que establezca un plan de loita ordenado, coordinado e financiado que permita reducir o número de *Vespa velutina* cara ó próximo ano e do mesmo xeito accións a longo prazo, relativas á necesaria investigación, que tamén desenrolamos neste documento.

❖ TRAMPEO PRIMAVERAL MASIVO E COORDINADO

PERCORRIDO -ACTUACIÓNS DESENVOLTAS NESTA CAMPAÑA

Asoc. Galega de Apicultura forma parte da Plataforma Stop Velutina -Galicia, quen a propósito do rexistro do seu "Documento de mínimos" en Maio deste ano, trasladou xa ás Administracións competentes, isto é Consellería de Medio Rural e de Medio Ambiente, a necesidade de facer un trampeo primaveral masivo e sobre todo coordinado para deter o avance da *Velutina* capturando raíñas fundadoras. **Un niño evitado na primavera son 18.000 exemplares de *Velutinas* evitadas no verán.**

A entrega de casi 10.000 trampas e atraíntes pola Xunta de Galicia nesta pasada campaña non é suficiente para dotar de eficacia ó trampeo: **este debe ser masivo e coordinado**, pois a "limpeza" dunha zona determinada de exemplares de velutina a través do trampeo (un Concello por exemplo, unha provincia) sen facer o mesmo nas zonas colindantes, provocará inevitablemente que os exemplares de *Vespa velutina* volvan a colonizar a zona na que se fixo o trampeo e este será totalmente inútil ademáis de ser un diñeiro mal invertido.

ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA (AGA)
Costa de San Marcos, 7 15890
Santiago de Compostela (A Coruña)
servizoxuridico@apiculturagalega.es
981 589 534

En anteriores reunións mantidas coa Consellería de Medio Ambiente (concretamente coa Dirección Xeral de Patrimonio Natural e a biodiversidade) AGA manifestou a efectividade do trampeo e a necesidade de que fora masivo e coordinado. Para isto propuxemos facer [unha divulgación ampla](#) a través dos medios da prensa escrita, informando á cidadanía acerca de "como e porque trampear".

PETICIÓN -PRÓXIMAS ACTUACIÓNS

A nosa petición cara a seguinte campaña coincide coas peticións da pasada: consideramos fundamental establecer un **plan de choque inmediato** que sirva para deter o avance da *Velutina* en termos de curto prazo. Isto pasa por realizar un **trampeo primaveral masivo e coordinado** polas Administracións competentes, consistente na [entrega dunhas 50.000 trampas](#) cos seus atraíntes non aos apicultores unicamente, senón aos Concellos, a través da FEGAMP por exemplo, e aos Colexios contando se fora necesario coa Consellería de Educación. Esta [nova distribución](#) é fundamental para que o trampeo sexa masivo, colocando as trampas non só nos apiarios senón tamén e máis importante nos núcleos de poboación, colocar as trampas nos xardíns públicos e tamén contar cos escolares cujas prácticas á hora de poñer trampas resultaron moi efectivas.

Do mesmo xeito que na anterior campaña, consideramos necesario que exista unha grande información sobre este trampeo para que a cidadanía e estes equipos cos que se pretende contar teñan toda a información de man sobre cómo e dónde trampear e explicando tamén a gran importancia desta labor. Para esta [campaña informativa](#) poñémonos a disposición da Xunta a fin de enviarlle unha proposta gráfica sobre o trampeo que xa utilizamos na anterior campaña e que tamén trasladamos á Xunta por se fora do seu interese.

Sería tamén recomendable que esta campaña informativa que vai unida ó trampeo masivo sexa acompañada dun [registro da colocación das trampas](#) que servirá para ter identificadas as mesmas e facer os sondeos e valoracións posteriores sobre a súa colocación. Para isto, pódese acudir ao Protocolo de Vixilancia e control fronte á avespa asiática de 2016 da Xunta de Galicia, cuio Anexo IV contén unha "*Ficha de control do trampeo de vespa velutina na primavera*" identificando o lugar de colocación da trampa e as *velutinas* e outros insectos capturados.

❖ A INVESTIGACIÓN NECESARIA COMO FERRAMENTA DE LOITA A LONGO PRAZO

Sabemos dos Convenios asinados ata agora pola Deputación da Coruña coa USC.

Un destes convenios xira en torno a cuantificar os danos económicos causados pola velutina na apicultura e está sendo actualmente desenvolto no Campus de Lugo. O outro convenio, que se desenrola na propia USC, pretende desenvolver un traballo de investigación no ámbito da parasitoxía .

Celebramos tamén os convenios recentemente asinados entre a Consellería de Medio Ambiente e as Universidades de USC e máis UVigo o pasado 29 de xuño.

Malia disto, no ámbito investigador, como no resto de cuestións sobre a incidencia da avispa asiática, **cumple tomar decisións serias e inmediatas:**

É necesario establecer unha liña investigadora que teña como primeiros obxectivos o coñecemento da especie nesta zona xeográfica, para seguir cunha segunda fase encamiñada a atopar mecanismos de loita biolóxica para enfrontarse a ela sen danos medioambientais.

Para desenvolver esta labor é necesario que a actividade investigadora se unifique e sobre todo se financie. As investigacións provintes dos organismos públicos contan co respaldo que supón a ausencia dun lucro económico como único obxectivo a conseguir e consideramos que así debería desenrolarse.

A Xunta, a través das Consellerías de Medio rural e Consellería de Medio ambiente, debe implicarse como Administración competente na xestión da invasión, e ter presente que os resultados da investigación servirán para deter o avance da velutina con efectos moi positivos pero medibles no longo prazo. Esta actividade é fundamental se queremos establecer un plan de loita estable que se manteña no tempo.

❖ AXUDAS PARA A REPOSICIÓN DAS BAIXAS

En canto as axudas para a reposición das baixas, reiteramos a necesidade de convocar axudas ou subvencións **que permitan aos apicultores a reposición das baixas para a recuperación da cabana apícola** perdida a causa do ataque dos exemplares de *Vespa velutina*.

Os danos derivados da invasión da *Vespa velutina*:

- Perda de colonias
- Perda correlativa na colleita de mel
- Custos asociados á compra de métodos de protección dos colmeares e trampeo de *Vespa velutina*.

ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA (AGA)
Costa de San Marcos, 7 15890
Santiago de Compostela (A Coruña)
servizoxuridico@apiculturagalega.es
981 589 534

- Labores de transporte de colmeas a zonas non afectadas
- Sobrealimentación para reforzo das colmeas vivas

Solicitamos novamente a convocatoria dunha orde específica de financiamento dada a urxencia e necesidade das mesmas. O Subdirector Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Alimentarias asegurou nunha conferencia pública sobre a *Velutina* con motivo da Feira ExpOurense, que as axudas para paliar as perdas que sofre o sector sufragaríanse a través da Orde de axudas para o fomento de razas autóctonas galegas. As abellas non están consideradas unha raza autóctona galega.

O sector ve con preocupación estas informacións que reflexan a pouco seriedade coa que se esta a afrontar o asunto.

❖ A COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

A PRESENCIA DAS ASOCIACIÓNS APÍCOLAS

Como xa vimos facendo dende o mes de setembro do ano 2016, a través dunha solicitude asinada por AGA, **reiteramos a necesidade de que o sector apícola representado a través das súas asociacións**, teña presenza nestas reunións e poida participar aportando posibles solucións e o coñecemento de campo tan necesario na xestión desta loita.

O GRUPO DE TRABALLO DE ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS (GTEEI) E O SUBGRUPO DE TRABALLO SOBRE O AVISPÓN ASIÁTICO

A Asociación Galega de Apicultura, a través da Plataforma Stop Velutina e considerando a invasión da *Avispa asiática* como un problema medio ambiental, que o é, **dirixímonos tamén ao Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente para solicitar información acerca do Grupo de traballo de especies exóticas invasoras (GTEEI)** --creado polo Comité de Flora e Fauna Silvestres o 10 de outubro de 2012 para a coordinación entre as administracións competentes españolas en materia de loita e control de especies biolóxicas. O GTEEI terá como finalidade informar e asesorar ao Comité de Fauna e Flora acerca da xestión desta especie invasora e sobre o grao e aplicación da estratexia aprobada polo Ministerio. Do mesmo xeito, solicitamos ó MAPAMA a **información relativa ao Subgrupo de traballo do avispón asiático**, creado para a elaboración da estratexia de xestión e con tarefas de seguimento e aplicación da estratexia e mellora e actualización da mesma.

ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA (AGA)
Costa de San Marcos, 7 15890
Santiago de Compostela (A Coruña)
servizoxuridico@apiculturagalega.es
981 589 534

O Ministerio resposta, e é certo, que os mencionados grupos de traballo están formados por representantes das Comunidades Autónomas (ademais de polo Ministerio) "*e toda-las actuacións de seguimento e xestión corresponden ás administracións autonómicas*".

Tendo en conta esta información **solicitamos á Xunta de Galicia nos informe acerca da composición destes grupos de traballo en Galicia e informe así mesmo dos traballos desenvoltos neste sentido** pois os mencionados grupos teñen a labor de executar as medidas de loita contra a velutina aprobadas pola Xunta de Galicia en xullo de 2016. ("*Protocolo de Vixilancia e control fronte a vespa asiática (vespa velutina) xullo 2016*").

UNHA PARTIDA ORZAMENTARIA ÚNICA

Falando do financiamento desta loita e concretamente no instrumento citado aprobado pola Xunta que reflexa as medidas a aplicar, consideramos que **é absolutamente necesario establecer unha partida orzamentaria específica adicada á xestión da invasión desta especie**, onde se detallen e reflexen os cartos destinados a cada unha das cuestións ou ferramentas a aplicar.

As aportacións económicas provintes das distintas Consellerías implicadas na Comisión de Seguimento non permiten, dende o noso punto de vista, deseñar un plan de loita coordinado e único e adoece da claridade e transparencia coa que a xestión das Administracións públicas debe contar.

Dende AGA reiteramos a nosa inqueda con este feito e así mesmo solicitamos novamente á Xunta se plantee crear este orzamento sobre a invasión da *V.velutina* pois doutro xeito consideramos moi difícil implantar as ferramentas de loita necesarias para xestionar a invasión.

--

LEXISLACIÓN E DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS ASOCIADOS-

- Estratexia da Unión Europea sobre biodiversidade ata o ano 2020.
Aprobado pola Comisión Europea, 3 de maio de 2011.
- Regulamento Nº 1143/2014 del Parlamento Europeo y el Consejo de 22 de octubre de 2014 sobre prevención e xestión da introducción e propagación de Especies exóticas invasoras.
- Reglamento de ejecución da Comisión (UE) Nº 2016/1141 de 13 de julio de 2016 por la que se adopta una lista de especies exóticas invasoras de interés para la Unión de

ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA (AGA)
Costa de San Marcos, 7 15890
Santiago de Compostela (A Coruña)
servizoxuridico@apiculturagalega.es
981 589 534

conformidad con el Reglamento (UE) nº 1143/2014 del Parlamento Europeo y del Consejo

- Estratexia de Xestión, Control e Posible Erradicación do avisón asiático en España. Aprobado pola Comisión Estatal para o patrimonio natural e a biodiversidade, 14 de novembro de 2014 e pola Conferenci Sectorial de Medio Ambiente, 16 abril de 2016. Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente.
- Real Decreto 630/2013, de 2 de agosto, polo que se regula o Catálogo español de especies exóticas invasoras. Aprobado polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, agosto 2013.
- Protocolo de Vixilancia e Control fronte á avessa asiática (vespa velutina). Aprobado pola Xunta de Galicia, xullo 2016.

ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA -AGA-

Persoa de contacto: Laura García Sáez

Costa de San Marcos, 7 15890
Santiago de Compostela (A Coruña)
servizoxuridico@apiculturagalega.es
981 589 534
640 230 155

EN SANTIAGO DE COMPOSTELA, A 19 DE OUTUBRO DE 2017

